



*Equipo de Normalización...
e Dinamización Lingüística*



Organización das Nacións
Unidas para a Educación, a
Ciencia e a Cultura



Escuelas Asociadas a
UNESCO



ACTIVIDADES

LETRAS GALEGAS 2015

ACTIVIDADES

TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO DE 2015

Xosé Fernando Filgueira Valverde, fillo da granadina Araceli Valverde e do médico galego José María Filgueira, naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906.

Foi na cidade de Pontevedra onde realizou os seus estudos primarios e o bacharelato, trasladándose posteriormente á Universidade de Santiago para seguir os estudos de Dereito, que remata co Premio Extraordinario. Nesta mesma época realiza estudos de Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza, cos que acada a titulación de doutor en Historia.


Comezou a traballar como profesor no Instituto de Pontevedra, pasando algúns anos en Lugo. Voltou definitivamente a Pontevedra en 1940, onde foi durante moitos anos o director do seu Instituto e chegou a ser alcalde da súa cidade durante nove anos.

Tivo unha actividade cultural moi importante: fundou o Seminario de Estudos Galegos, dirixiu o Instituto Padre Sarmiento e o Museo de Pontevedra. Presidiu o Consello da Cultura Galega e foi membro da Real Academia Galega. Ademais, foi historiador, arqueólogo e escritor.

Este ano 2015 adícaselle o Día das Letras Galegas polo seu labor a prol da cultura e o idioma galego.




Xosé Fernando Filgueira Valverde



Capa da obra de teatro para nenos «Agromar» de Xosé Filgueira Valverde, co seu dónimo de J. Acuña.

UN ENCRUCILLADO

1.- Resolve este encrucillado sobre a vida de Filgueira Valverde.



HORIZONTAIS

- 1.- Outros estudos que realizou en Santiago.
- 2.- Acada a titulación de doutor en...
- 3.- Segundo apelido do homenaxeado.
- 4.- Cidade aragonesa na que estudou.
- 5.- Fundou un en Pontevedra.
- 6.- Profesión do seu pai.
- 7.- Foi director dun...
- 8.- Despois do bacharelato estudou...
- 9.- Cidade na que fixo a carreira de Dereito.




1.- FILOSOFÍA 2.- HISTORIA 3.- VALVERDE 4.- ZARAGOZA
5.- MUSEO 6.- MÉDICO 7.- INSTITUTO 8.- DEREITO 9.- SANTIAGO

ONDE ESTÁ A VERDADE?


2.- Arrodea as tres frases verdadeiras e escribe correctamente as tres falsas.

- ▶ Filgueira foi membro da Real Academia Galega.
- ▶ Realizou estudos de Filosofía e Letras.
- ▶ O seu pai era veterinario.
- ▶ Foi alcalde de Santiago durante 9 anos.
- ▶ Fundou o Seminario de Estudos Galegos.
- ▶ Naceu o día 28 de decembro de 1906.




FACEMOS UNHA CARICATURA?

3.- Unha caricatura é unha representación na que se presentan os rasgos de algo dun xeito esaxerado. Atrévete a caricaturizar a Filgueira Valverde?



VAIA SOPA!

4.- Localiza na sopa de letras as respostas sobre a biografía de Filgueira Valverde.



a.- Cidade na que realizou os seus primeiros estudos primarios e de bacharelato.

b.- Carreira que cursou na Universidade de Santiago.

c.- En Zaragoza acadou a titulación de doutor en...

d.- Que cargo exerceu durante nove anos na súa cidade natal?

e.- Que outros tres traballos realizou?

Que leda lembranza aquela da miña avoa! Tiña o cabelo albeiro e acugulado cal un outeiro na xeadá, tiña as meixelas albas de almafí tallado e as mans albas de albo veludo. Tiña un manto mouro, un libro e un rosario na man, e do brazo penduraba unha cadeira de tesoura. Esa é a lembranza que teño da miña avoa.

Mais este relembro ten máis ledicias que doas tiña o seu rosario de acibeche, máis contos que follas o seu libro, máis bicos que anos tiña a súa vella cadeira.

...



Xosé Filgueira Valverde

A MIÑA AVOA

5.- Describe á túa avoa. Completa os seguintes apartados:

FÍSICO

CARÁCTER

AS SETE DIFERENZAS

6.- Descubre as sete diferenzas nos dous debuxos da avoa Clara.



BUSCA E REBUSCA...

7.- Hai catro nomes e un adxectivo que se repiten no texto. Serías quen de atopalos?

NOMES

ADXECTIVO



DE QUE FALA O TEXTO?

8.- Como tiña o cabelo a avoa Clara?

9.- Escribe o nome das partes do corpo que se nomean no texto.

10.- Como tiña a avoa Clara as meixelas e as mans?


11.- Que obxectos levaba na man?

12.- De que material era o seu rosario?

AS PARTES DA CARA


13.- O texto describe como era a avoa Clara e dá os nomes dalgunha parte da súa cara. Coloca os nomes das partes da cara.

OLLO ORELLA NARIZ QUEIXO MEIXELAS CELLAS



A ÁRBORE XENEALÓXICA

14.- Olla a árbore xenealóxica de Clara e Ramón e contesta.



Clara é a _____ de Rosa e _____.

Brais e Sara son _____.

Andrés é o _____ de Ramón.

Xosé e Antón son _____.

Antía é a _____ de Clara e Ramón.

Roque, Brais e Icía son _____ de Antón e Rosa.

Rita de Breixo ten un bo pasar: trinta ferrados de sementeira, a devesa da Regueira e uns quiñóns no monte. Ten dúas vacas, tres porcos e moito avecío, viño para unha anada, millo para dez meses, patacas a correr... O fillo mándalle cartos; ela empétaos ben empetados para baixar logo á vila para metelos no Banco. Escasí, Rita de Breixo ten tenda.

Tenda de todo, con taberna e con

cartería: «Viños e comidas por Marcial Gómez (Viúva)». Traballa, anda estarricada, non ten día de vagar, e perde, todos saben que perde moito no choio. Pero non o deixa; cando o deixe, morre. E, xa velliña, no mostrador, terma das

mulleres, que relean por un peso de unto ou por un carrete de cadeneta. Deféndese, latrica, fai contas, demostra, convence, aldraxa á regateira, berra, rifa,... pero ela vende o unto e o carrete, e cando colle os cartos, anque perda, ten a risada do boxeador que deixou K.O. ao contrario anque el quede coa dentamia desfeita. Porque Rita de Breixo non é tendeira nin taberneira, nin a carteira, é... latricante. Latricar nunca foi un negocio, é unha arte. Emporiso podedes atopala aquí, entre os «artistas aldeáns».



Xosé Filgueira Valverde

ENTENDICHES OU NON ENTENDICHES, EH?

15.- Que terras posúe Rita de Breixo?

_____.

16.- Quen lle manda cartos?

_____.

17.- Como é a tenda?

_____.

18.- De quen terma Rita na tenda?

_____.

19.- Que fan as mulleres?

_____.

20.- Que di o escritor que non é Rita?

_____.

21.- Que dous tipos de animais ten Rita?

_____.

22.- Por que relean as mulleres das quet erma a tendeira?


_____.

23.- Rita do Breixo non é nin tendeira nin taberneira, nin carteira, en realidade... que é?

_____.


24.- Entre quen a podemos atopar?

_____.



TRABALLAR PARA QUECER

25.- Serás quen de atopar máis oficios a partires da palabra dada?



boxear



carta



pintar




taberna



cantar




fútbol



escribir



dirixir



enterro



enfermo

QUE CARAFIO É ISTO?

26.- Averigua cal é o produto e ponlle o nome. Todas son cousas que se venden nunha tenda.

Tómase no almorzo. É líquido.



Serve para facer pan, tortas... É branca.



Serve para lavar a roupa na lavadora.



Úsase para fritir. Hainos de oliveira, xirasol...




Úsase para branquear a roupa.



QUE PREZOS!

27.- Repara na roda e investiga o prezo de cada un dos produtos.




- a.- Unha tableta de chocolate custa máis de 3 euros e menos de 4.
- b.- Un quilogrammo de laranxas vale máis de 1,50 euros e menos de 2.
- c.- O valor do molete é máis de 2 euros e menos de 2,30.
- d.- Un paquete de lentellas ten un prezo que non chega a 1 euro.
- e.- O cuarto quilo de polo ten un prezo xusto, pero é maior que o das lentellas.
- f.- Un litro de aceite custa máis de 2,70 euros e menos de 3.



O XEROGLÍFICO


28.- Descifra estes xeroglíficos.

Que oficio ten a miña tía?



SOLUCIÓN: TENDEIRA


Que oficio ten o meu tío?



SOLUCIÓN: SOLDADOR

PRODUTOS A DARLLE CO PÉ

29.- Observa o diagrama cos produtos máis vendidos e contesta.



1.- Cal é o produto máis vendido?

2.- Que produto é o menos vendido?

3.- Cal é o produto que está no segundo posto?

Do mesmo xeito que cada freguesía ten un seu cantaruxeiro que fai as cantigas para os entroidos, os maios e as cocalladas, tamén hai en todo lugar un tal que pon os alcumes. Ninguén lle leva a mal, e aínda non falta quen deixe encargado que lle poñan a nomeada na esquila cando morra:

-Debaixo daquelo de «O señor don Francisco Rigueiro da Ponte», enriba do RIP, poñedes, entre parénteses (*Mixela*).

-Pero, home, mira que ese é un re-moquete moi feo.

-Primeiro que non vén a conto discutilo, porque non hei morrer tan cedo, e logo que non digo que faga bonito ou feo, eu son para todos o *Mixela*, dende que me lumbrou dese xeito o Alcumante, e *Mixela* hei ser de morto...

E no seu día, nas esquelas, baixo os nomes, vanse vendo no xornal «Chilgorro», «Xatevexo», «Titirití» e inda «Rico-porco» e «Papalandochas», que todos foran sacados do maxín do Alcumante.

Deica o día en que, ao saírmos da misa, vai e dinos:

-Dende hoxe, chamádesme «Bautista».

-Pero ho...

-Non, que eso do Alcumante foi posto por vós e non vou ser o único da parroquia que non leve unha boa lumbada posta por min.

Ninguén lle fixo caso, e agora non pon alcuñas a ninguén.



Xosé Filgueira Valverde

COMPRESIÓN DO TEXTO

30.- A que se adica o cantaruxeiro?

31.- Que alcume tiña D. Francisco Regueiroda Ponte?

32.- Onde se ven os alcumes Chilgorro, Xatevexo...?

33.- Escribe o nome de catro alcumes que aparecen no texto.

34.- De onde saían cando dixo o Alcumante que lle chamasen Bautista?

35.- Como remata o texto?



ALCUMES, ALCUMES E MÁIS ALCUMES

36.- Relaciona cada alcume co seu significado.

PEXEGO


PERSOA PEQUENA

PIOLLO

PERSOA CALVA

CATROOLLOS

CON GAFAS



ORDENANDO ALCUMES

37.- Clasifica os seguintes alcumes.

- O VASCO
- O MANCO
- O SIMPÁTICO
- O TESTÁN
- O ORELLAS
- O FERREIRO
- O INGLÉS
- O TOCO
- O CANTEIRO
- O TATEXO
- O ALEMÁN
- O CHOSCO
- O RISIÑAS
- O MALICIAS

